
O NENO BISESTO

Texto de JOSÉ LUIS ALONSO DE SANTOS

Ilustracións de FEDERICO DELICADO

Tradución de RAMÓN NICOLÁS

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 104 páx. 14 €.

O neno bisesto (galego)

ISBN 978-84-8464-972-4. Sete Leguas.

El niño bisesto (castelán)

ISBN 978-84-8464-975-5. Siete Leguas.

El nen de traspàs (catalán)

ISBN 978-84-8464-973-1. Sete Lligües.



...Si, nacín no montacargas, por iso me puxeron de nome Daniel, polo de traveso. Non me tocaba nese momento, e adianteime para nacer o 29 de febreiro, e armei unha boa... Lémbroo perfectamente. Os meus pais din que non me poden lembrar, pero a ver se van saber eles mellor ca min como foi o meu primeiro día de vida...

Aos seus dez anos, Daniel séntese diferente aos demais porque naceu un 29 de febreiro; por iso no colexio puxéronlle o alcume de "Bisesto". Este libro é un relato en primeira persoa das súas experiencias, pensamentos e emocións: dende a rebeldía á incompreensión, pasando polo despertar do amor, ata a reafirmación da amizade.

Por riba de todo, "O neno bisesto" é un texto tremendamente divertido, contado coa frescura dun neno. Reborda humor, imaxinación e ironía; narra situacións cotiás que ás veces se complican. Destaca tamén polas numerosas referencias cinematográficas e literarias, que remiten á lectura dos clásicos.

José Luis Alonso de Santos sitúa a cada lector -referente real transmutado en amigo imaxinario- como confidente e cómplice de Daniel, convertendo a historia nun xogo literario.

Pola súa parte, Federico Delicado recrea algúns episodios da súa vida con imaxes expresivas e cheas de colorido, nas que asoman elementos fantásticos.



- **Temática:** historia dun neno nacido un 29 de febreiro.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** humor, linguaxe coloquial; pre-adolescencia; referencias literarias e cinematográficas; do autor de "La estanquera de Vallecas", "Bajarse al moro" ou "Viva el duque, nuestro dueño"; do ilustrador de "Ícaro" (VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado).

José Luis Alonso de Santos

(Valladolid, 1942)

Dramaturgo, director escénico e guionista. Licenciado en Filosofía e Letras e en Xornalismo (Universidade Complutense). A súa carreira teatral iniciouse en 1964 nos grupos de Teatro Independente. Dirixiu a Real Escola Superior de Arte Dramática de Madrid e a Compañía Nacional de Teatro Clásico. É autor de máis de trinta obras, entre as que destacan "Bajarse al moro", "La estanquera de Vallecas" ou "Viva el duque, nuestro dueño", que foron levadas ao cine. Versionou obras de autores como Shakespeare, Molière ou Calderón. Escribiu guións de cine, series de televisión, narrativa infantil e novelas. Recibiu, entre outros, o Premio Nacional de Teatro, a Medalla de Ouro de Teatro de Valladolid, o Premio Max e o Premio Castilla e León das Letras 2009.

<http://www.joseluisalonsodesantos.com>

Federico Delicado

(Badajoz, 1956)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid. En 1970 iniciou a súa traxectoria profesional elaborando materiais audiovisuais e traballos para prensa. Participou en exposicións de pintura e escultura. Nos últimos anos publicou numerosos libros para público infantil e xuvenil, entre os que destaca "Ícaro" (KALANDRAKA), galardoado co VII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, incluído na selección The White Ravens 2015 e na Lista de Honra IBBY 2016.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
